

## OBXECTIVOS:

Nos dous últimos cursos académicos, a Facultade de Humanidades de Lugo protagonizou unha serie de iniciativas destinadas a definir en maior medida o seu espazo profesional e formativo. Neste contexto desenvolvéronse no 2017 as xornadas “A xestión cultural como espazo profesional”, durante as cales diversos actores deste sector compartiron con nosoutros variados aspectos ligados ao emerxente perfil laboral do xestor cultural, tanto dentro de espazos públicos como na iniciativa privada. Froito dos contactos que a Facultade estableceu con outros centros de ensino que imparten titulacións de grao de xestión e comunicación cultural xorden agora estas xornadas “A xestión cultural a debate”, nas que compartiremos con compañeiros das Universidades de Córdoba, Huelva e Girona diversos aspectos relacionados cos nosos títulos: as súas relacións cos ámbitos humanísticos clásicos, as novas necesidades formativas dos seus docentes, os seus espazos propios de investigación, as características específicas dos seus Traballos de Fin de Grao, os procesos de fomento da empregabilidade dos nosos egresados, etc. As xornadas son tamén de grande interese para o noso alumnado, que as poderá complementar cun monográfico en deseño e organización de eventos a celebrar de seguido. Por último e dado o carácter emerxente do espazo profesional dos xestores culturais, todas aquelas persoas interesadas neste ámbito certamente atoparán sesións nas que se desenvolverán temas do seu interese.

## INFORMACIÓN E INSCRICIÓN:

- Esta actividade está recoñecida con 1 crédito ECTS para o alumnado da USC, polo PFID para o PDI das titulacións da rama de Artes e Humanidades, e ao resto de participantes entregaráselles un certificado de asistencia.
- **Destinatarios e lugar de inscrición** (Actividade gratuita):
  - Alumnado matriculado na USC: inscribírase na totalidade do encontro (25 horas) enviando cuberto o formulario de inscrición ao mail [margarita.vilela@usc.es](mailto:margarita.vilela@usc.es)
  - PDI e PAS da USC, profesionais do eido da cultura e público en xeral: poderán inscribirse por separado nos bloques que sexan do seu interese; para iso deben enviar cuberto o formulario de inscrición ao mail [margarita.vilela@usc.es](mailto:margarita.vilela@usc.es)
- **Máis información:** [www.usc.es/campusterra/gl/encontro\\_xestion\\_cultural](http://www.usc.es/campusterra/gl/encontro_xestion_cultural)
- **Contacto:** [margarita.vilela@usc.es](mailto:margarita.vilela@usc.es) Tlfn.: 982821517.

**[FORMULARIO DE INSCRICIÓN](#)**

## ENCONTRO “A XESTIÓN CULTURAL A DEBATE”

- **BLOQUE 1: ESPAZO PROFESIONAL E GRAO UNIVERSITARIO (14 horas)**
- **BLOQUE 2: DESEÑO E ORGANIZACIÓN DE EVENTOS CULTURAIS (11 horas)**  
(Inclúe a VIII Xornada en Xestión e Mediación Cultural)



## FACULTADE DE HUMANIDADES - LUGO

30, 31 DE XANEIRO e 1 DE FEBREIRO de 2019

Período de inscrición: **do 5 de decembro de 2018 ao 22 de xaneiro de 2019**

 <p>Organizan: VICERREITORÍA DE COORDINACIÓN DO CAMPUS DE LUGO</p>	 <p>CAMPUS TERRA</p>	 <p>DEPUTACIÓN DE LUGO</p>	 <p>Colaboran: XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL</p>
 <p>FACULTADE DE HUMANIDADES</p>	 <p>Universitat de Girona</p>	 <p>UNIVERSIDAD DE CÓRDOBA</p>	 <p>Universidad de Huelva</p>
Coordinan: Gonzalo Francisco Fernández Suárez e M <sup>a</sup> do Carne Silva Domínguez			

### BLOQUE TEMÁTICO I: “A XESTIÓN CULTURAL COMO ESPAZO PROFESIONAL E GRAO UNIVERSITARIO”

#### 30 de Xaneiro de 2019

09:00 – 09:30 Entrega de documentación

09:30 – 10:00 Inauguración

10:00 – 11:00 Conferencia Inaugural: “A aparición e a necesidade dos graos en Xestión Cultural”. Alfons Martinell Sempere (Director honorífico da Cátedra Unesco: “Políticas Culturales y Cooperación” da Universitat de Girona)

11:00 – 11:30 Descanso

11:30 – 14:00 Mesa Redonda 1: “A organización da docencia e os programas de mobilidade”

- Gonzalo Francisco Fernández Suárez (Universidade de Santiago de Compostela)
- Ricardo Córdoba de la Llave (Universidad de Córdoba)
- Alfonso M. Doctor Cabrera (Universidad de Huelva)
- Ramón Girona Duran (Universitat de Girona)

Moderadora: M<sup>a</sup> do Carme Silva Domínguez (Universidade de Santiago de Compostela)

\*\*\*

16:00 – 17:30 Conferencia: “A investigación en Xestión Cultural e Economía da Cultura”. Pau Rausell Köster (Director da Área de Investigación en Economía da Cultura e Turismo – Econcult – Universitat de València)

17:30 – 17:45 Descanso

17:45 – 20:00 Mesa Redonda 2: “Os retos dos TFG no ámbito da Xestión Cultural: liñas investigadoras e liñas profesionais”.

- M<sup>a</sup> do Carme Silva Domínguez (Universidade de Santiago de Compostela)
- José M<sup>a</sup> Manjavacas Ruiz (Universidad de Córdoba)
- Mónica Rodríguez Gijón (Universidad de Huelva)
- Olga del Río Sánchez (Universitat de Girona)
- Pau Rausell Köster (Director da Área de Investigación en Economía da Cultura e Turismo – Econcult – Universitat de València)

Moderador: Gonzalo Francisco Fernández Suárez (Universidade de Santiago de Compostela)

#### 31 de Xaneiro de 2019

09:00 – 10:00 Conferencia: “O coñecemento e a difusión dos graos en Xestión Cultural”. Natalia Alonso Ramos (Xestora de Comunicación do Campus Terra da Universidade de Santiago de Compostela)

10:00 – 11:00 Conferencia: “As prácticas académicas externas e as saídas profesionais dos graos en Xestión Cultural”. Gloria Cruz Amil (Técnico de Orientación Laboral do Campus Terra da Universidade de Santiago de Compostela)

11:00 – 11:30 Descanso

11:30 – 14:00 Mesa Redonda 3: “As prácticas e o emprego na Xestión Cultural”

- Rafael Cejudo Córdoba (Universidad de Córdoba)
- Felipe Nabais Sangareau (Sangareau Cultural Consulting)
- Alejandro Santaflorientina Jiménez (Universitat de Girona)
- Uxío Novoneyra (Fundación Uxío Novoneyra)
- Cristina Fiaño Rodríguez (Socia de Urdime Proxectos Culturais)
- Lidia de la Fuente López (Camiños con Arte)
- Lucía Mosquera Miramontes (Técnica de Xestión Cultural do Concello de Teo)
- Encarna Lago González (Xerente da Rede Museística da Deputación Provincial de Lugo)

Moderadora: Gloria Cruz Amil (Técnico de Orientación Laboral do Campus Terra da Universidade de Santiago de Compostela)

### BLOQUE TEMÁTICO II: “DESEÑO E ORGANIZACIÓN DE EVENTOS CULTURAI S”

#### 31 de Xaneiro de 2019

16:00 – 17:00 Conferencia: “A escola de música como modelo de xestión e dinamización socio-cultural nun municipio. Os casos de Ortigueira e Yecla”. Ángel Hernández Azorín (director da Escola de Música de Yecla - Murcia) e Carlos Diéguez Beltrán (director da Escola Municipal de Música de Ortigueira).

17:00 – 20:00 Taller Práctico: “A organización dun festival de bandas”. Ángel Hernández Azorín (director da Escola de Música de Yecla - Murcia) e Carlos Diéguez Beltrán (director da Escola Municipal de Música de Ortigueira).

#### 01 de Febreiro de 2019

10:00 – 14:00 Conferencia e Taller Práctico: “A creación dun evento: por que, para quen”. Eduardo Navarro Carrión (Responsable de actividades culturais do Instituto Cervantes de París)

16:00 – 17:00 Conferencia: “Que é o turismo cultural?”. César Abella Vázquez (Director de “Trivium: estratexias en cultura e turismo”)

17:00 – 19:00 Taller Práctico: “A xestión do parque arqueolóxico de Campo Lameiro”. César Abella Vázquez (Director de “Trivium: estratexias en cultura e turismo”)